

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021974	Fonteboa	Coristanco	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1337	Socorrismo no medio natural	2022/2023	5	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER ANTUÑA CASTRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de Técnico en Guía no medio natural e de tempo libre recolle as figuras profesionais do título de Técnico en Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural, ao que substitúe, publicado mediante o Real Decreto 2049/1995, do 22 de decembro, polo que se establece o título de Técnico en Condución de Actividades Físico-Deportivas no Medio Natural e os correspondentes ensinós mínimos, ao amparo da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE). O novo título integra e actualiza os contidos do anterior, adaptándoos á vez aos cambios legislativos en materia ambiental e ás novas tecnoloxías conseguindo desta maneira unha maior polivalencia profesional.

A competencia xeral deste título consiste en organizar itinerarios e guiar grupos por contornas naturais de baixa e media montaña, terreo nevado tipo nórdico, cavidades de baixa dificultade, barrancos de baixo risco, medio acuático e instalacións de lecer e aventura, progresando a pé, con cordas, en bicicleta, en embarcacións e a cabalo, así como dinamizar actividades de tempo libre, adaptando todo iso aos participantes, respectando o medio ambiente e garantindo a calidade e a seguridade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Valoración inicial da asistencia fronte a accidentes		11	10
2	Aplicación de técnicas desoporte vital básico		15	20
3	Recollida, traslado e transporte de persoas accidentadas		15	20
4	Desarrollo de programas de autoentrenamento		20	10
5	Supervisión e vixilancia da zona de baño dun espacio acuático natural		25	10
6	Aplicación de técnicas específicas de rescate no medio acuático		20	20
7	Aplicación de técnicas específicas de rescate desde embarcacións no medio acuático		20	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Valoración inicial da asistencia fronte a accidentes	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia fronte a accidentes, para o que analiza os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Xustificouse a forma de asegurar a zona e as manobras necesarias para acceder á persoa accidentada, identificáronse os posibles riscos e propúxose a mellor forma de acceso
CA1.2 Seguíronse as pautas de actuación segundo protocolo para a valoración inicial dunha persoa accidentada
CA1.3 Identificáronse situacións de risco vital e definíronse as actuacións que levan consigo
CA1.4 Discrimináronse os casos e as circunstancias en que non se debe intervir e as técnicas que non debe aplicar o/a primeiro/a interviniente de xeito autónomo
CA1.5 Aplicáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas
CA1.6 Revisouse o contido mínimo dunha caixa de urxencias e as indicacións dos produtos e dos medicamentos
CA1.7 Determináronse as prioridades de actuación en función da gravidade e o tipo das lesións, e as técnicas de primeiros auxilios que cómpre aplicar
CA1.8 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Urxencia e emerxencia. Sistemas de emerxencia, sistemas integrais de urxencias e organización de sistemas.</p> <p>Protocolo de actuación fronte a emerxencias: avaliación inicial do/da paciente, planificación da actuación, localización e formas de acceso, identificación de posibles riscos, protección da zona e acceso á persoa accidentada.</p> <p>Primeiro/a interviniente como parte da cadea asistencial: conduta PAS (protexer, alertar e socorrer). Perfil do/da primeiro/a interviniente: competencias, obxectivos e límites de actuación.</p> <p>Principios xerais. Riscos e protección. Seguridade na intervención. Prevención de doenzas e contaxios. Pautas ou normas de actuación en montaña.</p> <p>Sistemática de actuación: valoración do nivel de consciencia, comprobación da ventilación e actuación fronte a signos de risco vital.</p> <p>Orde de actuación segundo diagnóstico.</p> <p>Colocación da persoa accidentada na posición adecuada.</p> <p>Actitudes. Control da ansiedade. Marco legal. Responsabilidade e ética profesional.</p> <p>A caixa de primeiros auxilios: instrumentos, material de cura, fármacos básicos. Características da caixa de primeiros auxilios no medio natural acuático e terrestre. Adaptacións en función da actividade.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Aplicación de técnicas desoporte vital básico	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de soporte vital e primeiros auxilios, seguindo os protocolos establecidos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse e describíronse as fases do protocolo de soporte vital básico
CA2.2 Aplicáronse técnicas de desobstrución da vía aérea
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte vital segundo o protocolo establecido
CA2.4 Aplicáronse as técnicas básicas e instrumentais de reanimación cardiopulmonar sobre manequíns, mesmo utilizando instrumentos de ventilación asistida e desfibrilador semiautomático e/ou automático
CA2.5 Valorouse a importancia de aplicar con precisión os protocolos establecidos
CA2.6 Indicáronse as causas, os síntomas, as pautas de actuación e os aspectos preventivos nas lesións, das patoloxías e dos traumatismos máis significativos, en función do medio en que se desenvolva a actividade
CA2.7 Aplicáronse primeiros auxilios ante simulación de patoloxías orgánicas de urxencia e de lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos
CA2.8 Aplicáronse as estratexias básicas de comunicación coa suposta persoa accidentada e acompañantes, en función de diferentes estados emocionais
CA2.9 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade e angustia ou agresividade

4.2.e) Contidos

Contidos
Protocolos fronte a obstrución de vía aérea. Obstrución completa e incompleta. Víctima consciente e vítima inconsciente. Casos especiais: embarazadas, persoas obesas, persoas soas e lactantes.
0Vendaxes, apósitos e inmovilizacións. Técnicas de vendaxe e inmovilización.
Intervención prehospitalaria en accidentes no medio acuático.
Técnicas e estratexias de superación de situacións de ansiedade, agresividade, angustia e dor. Comunicación coa persoa accidentada e acompañantes.
Valoración do papel do/da primeiro/a interviniente: tranquilidade e seguridade durante a actuación e respecto no trato coa persoa accidentada.
Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.
Fundamentos da reanimación cardiopulmonar básica (RCPB) e soporte vital básico (SVB). Protocolos en lactantes, nenos/as, persoas adultas e embarazadas.
Instrumental, métodos e técnicas básicas.
Actuación fronte a parada respiratoria e cardiorrespiratoria. Masaxe cardíaca e desfibrilación externa semiautomática. Accesorios de apoio á ventilación.
Protocolos de SVB en diferentes situacións e fronte a distintos perfís da persoa accidentada.
Atención inicial a emerxencias máis frecuentes. Pautas de intervención na aplicación dos primeiros auxilios. Pautas para a non-intervención.



Contidos

Valoración primaria e secundaria da persoa accidentada. Detección de lesións, doenzas e traumatismos no medio natural: causas, síntomas e signos.

Tipos de lesións: clasificación, síntomas, signos e tratamento básico. Hemorraxias, feridas, queimaduras, accidentes eléctricos, accidentes acuáticos e traumatismos; trabadas e picaduras, lesións do aparello locomotor, oftalmía das neves, lesións craniais e da columna vertebral, e politraumatismos.

Outras situacións de urxencia: intoxicacións, crise anafiláctica, epilepsia e cadros convulsivos, deshidratación, corpos estraños (na pel, nos ollos, nos oídos e no nariz), pequenos traumatismos, urxencias materno-infantís, accidentes de tráfico, accidentes domésticos e lesións producidas por calor e por frío. Hipoglicemia, alteracións da consciencia e trastornos

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Recollida, traslado e transporte de persoas accidentadas	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica métodos de mobilización e inmovilización que permitan a evacuación da persoa accidentada seguindo os protocolos establecidos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia do autocontrol e de infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación
CA3.2 Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio
CA3.3 Identificáronse e aplicáronse os métodos básicos para efectuar o rescate dunha persoa accidentada, realizando as manobras necesarias para acceder á vítima
CA3.4 Aplicáronse os métodos de inmovilización en caso de traslado da suposta persoa accidentada
CA3.5 Confeccionáronse padiolas e sistemas para a inmovilización e transporte de persoas enfermas e accidentadas, utilizando materiais convencionais e inespecíficos ou medios de fortuna
CA3.6 Valorouse a importancia de autocontrol ante situación de estrés

4.3.e) Contidos

Contidos
Avaliación da necesidade de efectuar o transporte dunha persoa enferma repentina ou persoa accidentada. Recollida dunha persoa lesionada.
Métodos de mobilización e inmovilización máis adecuados en función da patoloxía. Posicións de seguridade para colocar unha persoa ferida.
Traslado de persoas accidentadas no medio natural acuático e terrestre.
Transporte de persoas accidentadas a centros sanitarios. Posicións de transporte seguro.
Confección de férulas cos recursos do medio natural.
Emerxencias colectivas e catástrofes.
Técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación de auxilio.
Técnicas de apoio psicolóxico para persoas accidentadas e familiares. Comunicación en situacións de crise. Habilidades sociais en situacións de crise. Técnicas de apoio psicolóxico e autocontrol ante situacións de estrés: mecanismos de defensa.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Desarrollo de programas de autoentrenamento	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Confecciona e desenvolve programas de autoadestramento, tendo en conta a relación dos parámetros destes e as medidas complementarias cos requisitos físicos do/da guía no medio natural	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Avaliáronse as técnicas específicas e as capacidades condicionais que requiren os tipos de percorridos polo medio natural
CA4.2 Valorouse a importancia das técnicas específicas e as capacidades condicionais que requiren os rescates terrestres e acuáticos
CA4.3 Confeccionouse un plan de autoadestramento das técnicas específicas e das capacidades condicionais requiridas nos distintos tipos de percorridos polo medio natural
CA4.4 Confeccionáronse plans de autoadestramento das técnicas específicas e das capacidades condicionais requiridas nas manobras de rescate terrestre e acuático
CA4.5 Executouse un plan de autoadestramento das técnicas específicas e das capacidades condicionais requiridas nas manobras de rescate terrestre e acuático
CA4.6 Argumentáronse as medidas complementarias que cómpre introducir nun programa de adestramento para mellorar a súa eficacia
CA4.7 Estimáronse os tipos e as cantidades de alimentos e de hidratación para itinerarios de diferentes tipos, intensidades e duracións
CA4.8 Aplicáronse as técnicas que facilitan a recuperación tras os distintos tipos de esforzo físico

4.4.e) Contidos

Contidos
Capacidades condicionais, coordinativas e técnicas requiridas nos percorridos polo medio natural. Percorridos a pé, en bicicleta, a cabalo e con embarcacións.
Capacidades condicionais, coordinativas e técnicas requiridas nos rescates terrestres e acuáticos.
Programas específicos de adestramento da condición física e técnica para o/a guía de actividades físicas no medio natural.
Programas específicos do adestramento da condición física en salvamento e socorrismo.
Planificación do adestramento das técnicas específicas e das capacidades condicionais e coordinativas requiridas en cada actividade.
Medidas complementarias para a mellora da condición física individual e sistemas de recuperación. Medidas de recuperación do esforzo físico.
Concienciación da importancia de manter un nivel de condición física adecuado.
Alimentación e nutrición. Necesidades alimentarias do organismo. Tipos de nutrientes e grupos de alimentos. Necesidades calóricas e de hidratación e exercicio físico. Balances. Achegas de alimentos e hidratación antes, durante e despois do exercicio físico. Dieta equilibrada; recomendacións RDA; dieta mediterránea.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Supervisión e vixilancia da zona de baño dun espazo acuático natural	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Supervisa e vixía a zona de baño dun espazo acuático natural e acondiciona os recursos materiais de rescate, analizando os factores de risco e tendo en conta os protocolos de actuación	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Comprobáronse as características e as condicións que deben cumprir as zonas de baño públicas e as zonas de vixilancia nos espazos acuáticos naturais, seguindo a normativa de aplicación na zona de baño dun espazo acuático natural
CA5.2 Analizáronse as actitudes, as aptitudes e as funcións do/da socorrista e a súa responsabilidade na seguridade e na prevención de riscos
CA5.3 Caracterizouse o material auxiliar de rescate
CA5.4 Comprobouse a funcionalidade, a seguridade e o estado dos materiais de salvamento e socorrismo utilizados nos espazos acuáticos naturais
CA5.5 Verificouse a operatividade dos sistemas específicos de comunicación para o seu uso nos espazos acuáticos naturais e verificouse a súa adaptación ao medio
CA5.6 Seguiuse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade
CA5.7 Valoráronse os datos sobre accidentes e vítimas de afogamento nas zonas de baño público e analizáronse as súas causas
CA5.8 Seguíronse os protocolos de actuación fronte ás condutas potencialmente perigosas das persoas usuarias dun espazo acuático
CA5.9 Aplicáronse os protocolos de análise das condicións ambientais, das condicións naturais do espazo acuático e da fauna e a flora da zona de baño

4.5.e) Contidos

Contidos
Espazos acuáticos naturais: tipos, características e condicións. Praias marítimas; praias fluviais; encoros; lagos; ríos.
Organización e organización do socorrismo acuático en praias marítimas, praias fluviais, encoros, lagos e ríos. Recursos humanos e materiais para unha prevención eficaz de accidentes acuáticos. Responsabilidades do/da socorrista en espazos acuáticos naturais. Rigor na aplicación das normas e das medidas de seguridade no espazo acuático natural. Doenzas profesionais e riscos laborais. Prevención de riscos.
Comprobación da vestimenta e do equipamento persoal do/da socorrista.
Comprobación do posto de socorrismo ou de atención primaria e dos seus recursos materiais.
Materiais de salvamento acuático: de comunicación, de alcance, de contacto, de apoio, de extracción e de evacuación. Material auxiliar de salvamento e socorrismo en espazos acuáticos naturais.
Mantemento específico e almacenamento dos materiais, para o seu uso no medio natural.
Vixilancia nos espazos acuáticos naturais.
Protocolo de supervisión dos riscos do medio acuático natural. Elementos que cómpre supervisar. Orde e periodicidade da supervisión.
Compilación de datos sobre os accidentes e análise das súas causas.
Protocolos de actuación e evacuación ante emerxencias, catástrofes, contaminación ou invasión de fauna perigosa. Difusión dos protocolos. Aplicabilidade a persoas con discapacidade. Disponibilidade de recursos.

Contidos

Normativas aplicables ás zonas de baño nos espazos acuáticos naturais.

0Accidentes en zonas de baño. Prevención e información.

Protocolos de actuación fronte a condutas das persoas usuarias potencialmente perigosas. Técnicas de comunicación coa persoa usuaria.

Factores de risco nos espazos acuáticos naturais. Medidas preventivas. Medidas informativas.

Fauna e flora perigosas. Acoutamento de espazos prohibidos logo da revisión da zona.

Factores atmosféricos. Previsión meteorolóxica. Simboloxía de avisos ás persoas usuarias.

Factores do medio acuático. Consulta de táboa de mareas e estado da auga.

Accesibilidade de persoas usuarias e de medios de socorro.

Factores humanos: condutas de risco das persoas usuarias, afluencia masiva, desenvolvemento de actividades simultáneas.

Acotación de zonas e espazos segundo usos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de técnicas específicas de rescate no medio acuático	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas específicas de rescate no medio acuático seguindo protocolos de salvamento e rescate en contornos simulados de accidente ou situación de emerxencia	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Desempeñáronse as funcións encomendadas nos simulacros de rescate de persoas accidentadas no medio acuático
CA6.2 Planificáronse a intervención e as manobras de rescate no medio acuático en función da situación da suposta persoa accidentada, do resto de persoas usuarias, do contorno e das propias condicións do accidente ou da situación de emerxencia
CA6.3 Seleccionáronse os materiais que se deben utilizar en relación co tipo de intervención e seleccionáronse as vías de evacuación da persoa accidentada no medio acuático natural
CA6.4 Demostráronse as técnicas específicas de entrada á auga, de aproximación, de control, de remolque de manequín e de extracción dunha persoa accidentada consciente e inconsciente, con e sen material
CA6.5 Executáronse técnicas de natación no medio acuático adaptadas ás condicións do contorno
CA6.6 Descríbironse as normas de aproximación e toma de contacto coa persoa accidentada
CA6.7 Demostráronse as técnicas de zafaduras ante unha persoa accidentada consciente en proceso de afogamento
CA6.8 Realizáronse con seguridade e eficacia as entradas á auga en función da accesibilidade, a proximidade e as características da auga
CA6.9 Realizáronse con seguridade e eficacia as técnicas de natación que permiten a aproximación á persoa accidentada
CA6.10 Realizáronse con seguridade e eficacia 300 m de natación libre, con pantalóns e camiseta, nun tempo máximo de oito minutos
CA6.11 Mantívose unha flotación dinámica cos brazos alzados e cóbados por riba da auga, sen desprazarse
CA6.12 Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de control e remolque da vítima, mantendo as súas vías respiratorias fóra da auga
CA6.13 Realizouse con seguridade e eficacia a secuencia de entrada de cabeza, cincuenta metros de natación libre e mergullo a unha profundidade mínima de dous metros, para recoller un manequín de competición e remolcalo, cunha presa correcta, durante cincuenta metros, todo iso nun tempo máximo de tres minutos e 30 segundos
CA6.14 Realizouse con seguridade e eficacia o remolque sen aletas dunha persoa posiblemente accidentada, ao longo de cen metros, con catro técnicas diferentes e nun tempo máximo de catro minutos
CA6.15 Realizouse con seguridade e eficacia o remolque con aletas dunha persoa accidentada de peso e flotabilidade media ao longo de cen metros, utilizando unha soa técnica libre e nun tempo máximo de tres minutos e 45 segundos
CA6.16 Realizouse con seguridade e eficacia a extracción da auga dunha persoa posiblemente accidentada consciente ou inconsciente e sen afectación medular, conforme os protocolos e aplicando a técnica correctamente, despois de a remolcar cen metros
CA6.17 Realizouse con seguridade e eficacia o simulacro de extracción dunha persoa accidentada con posible afectación medular utilizando o material adecuado, organizando un grupo de dous/dúas ou tres socorristas, de maneira acorde aos protocolos e aplicando as técnicas correctamente
CA6.18 Realizouse a análise crítica e a avaliación das técnicas de entrada, aproximación, control, remolque, extracción e traslado da vítima, segundo o seu estado e as características da instalación acuática, ante unha simulación de rescate, e establecéronse propostas de mellora de forma xustificada
CA6.19 Aplicáronse técnicas de comunicación coa persoa accidentada, cos equipamentos que interveñen na situación de emerxencia, cos/coas espectadores/as e coas persoas acompañantes da vítima, para proporcionar seguridade durante a asistencia

4.6.e) Contidos

Contidos

Realización de simulacros de rescate de persoas accidentadas no medio acuático. Protocolos de actuación: toma de decisións, intervención, uso de materiais e avaliación final.

Características da auga. Consideracións relativas a roupa e calzado no medio acuático.

Técnicas específicas de rescate acuático. Pautas para o adestramento do rescate acuático: localización, entradas á auga, aproximación e toma de contacto e control da vítima, zafaduras, traslado, remolque, reanimación, extracción, evacuación da vítima, técnicas de flotación, técnicas de mergullo e manexo do material de rescate acuático (aletas, chalecos, cintos, flotadores, Adestramento específico dos sistemas de remolque en salvamento acuático.

Aspectos psicolóxicos na fase crítica do rescate.

Comunicación aplicada ás situacións de rescates en accidentes ou emerxencias.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Aplicación de técnicas específicas de rescate desde embarcacións no medio acuático	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Aplica técnicas específicas de rescate desde embarcacións no medio acuático seguindo protocolos de salvamento e rescate en contornos simulados de accidente ou situación de emerxencia	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Relacionáronse as características xerais das embarcacións coa súa importancia no rescate dunha vítima no espazo acuático natural
CA7.2 Fundamentouse a colocación do/da socorrista nas embarcacións para a vixilancia e a intervención ante situacións de emerxencia no medio acuático natural
CA7.3 Seguíronse os procedementos de comunicación e coordinación co resto do equipo de rescate desde embarcacións
CA7.4 Demostráronse as técnicas de entrada á auga desde a embarcación
CA7.5 Demostráronse as manobras de rescate, desde unha embarcación, dunha persoa accidentada consciente ou inconsciente, con ou sen lesión medular
CA7.6 Analizáronse as técnicas de rescate desde embarcacións de rescate a unha persoa accidentada próxima a unha zona acantilada

4.7.e) Contidos

Contidos
Embarcacións para o rescate. Tipos de embarcacións a motor e motos náuticas destinadas ao socorrismo acuático en función do lugar e do cometido.
Embarcacións de apoio ao rescate.
Técnicas de entrada á auga desde embarcacións.
Protocolos de rescate coa embarcación a motor. Situación do/da socorrista na embarcación. Sistemas de comunicación. Achegamento á persoa accidentada. Rescate da persoa accidentada. Extracción da persoa accidentada con embarcacións a motor.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Como evidenciamos en páxinas pretéritas, no apartado reservado para os procedementos e os instrumentos que imos a empregar para a avaliación do alumnado, podemos ver que buscamos a máxima variedade posible co obxectivo de poder adaptarnos a cada un dos suxeitos e ós contidos que estamos a traballar. Consideramos que non serven os mesmos instrumentos para as 5-6 Unidades Didácticas que conforman o ano académico de cada curso dado que abordamos contidos do máis variopinto, tendo que escoller cal é o elemento que mellor se axusta para poder valorar o desempeño do alumnado.

É por iso, que se considerará o emprego de tarefas de avaliación individuais, en grupo, tarefas que empregan as TIC, tarefas de desenvolvemento físico, tarefas de autoavaliación, tarefas de coavaliación ou proxectos de investigación sobre os temas que estamos a tratar na aula. Todo iso co obxectivo de levar a cabo un proceso de avaliación variado, mais sobre todo, na procura dunha avaliación formativa, unha avaliación para a aprendizaxe, na que o alumnado valore que se está a ponderar tanto a súa evolución respecto ó nivel inicial como o esforzo nas probas prácticas e demais elementos.

Moitas das tarefas de avaliación serán de observación do día a día, co que se trata de facer cotiá o proceso avaliativo, en dotalo dun compoñente máis cercano e informal para o alumno que optimice amais o éxito deste. Para tal efecto, empregaremos os cuestionarios de aula, os debates ou as actividades de aula que, xeralmente, se desenvolven por grupos.

A programación desta materia vai a xirar en torno a tres grandes eixos:

PROBAS PRÁCTICAS(60 %)

Cada unha das Unidades Didácticas que imos abordar neste curso terá, cando menos, dúas probas prácticas nas que o alumnado executará elementos traballados durante as sesións previas. Polo xeral, procurarase que sexan un mínimo de entre 4 e 6 actividades de avaliación por cada trimestre, para gozar así dun amplo abano de posibilidades á hora de cualificar ó alumnado. As probas serán tanto individuais coma grupais, existindo aquelas de desempeño físico individual, de carácter competencial en grupo, resolución de problemas e autoavaliación/coavaliación do traballo diario. O obxectivo é coñecer a evolución do nivel de execución unha vez finalizada a progresión metodolóxica establecida polo docente. Isto implica que existe unha avaliación inicial, que se levará a cabo, xeralmente, a través da observación do docente e empregando o material destinado a tal fin en función da UD. O carácter aberto da proposta dependerá da unidade didáctica que se estea a abordar, mais os alumnos coñecerán en cada unidade as actividades a realizar para que poidan ter un seguimento sinxelo da evolución da súa cualificación.

ACTIVIDADES NO AULA (20%)

Neste ítem faise referencia a tres aspectos chave. A asistencia e puntualidade do alumando ás sesións da materia. A actitude amosada durante a realización das mesmas. A participación activa nas actividades propostas polo profesor. Todo aquel alumnado que non sexa quen de superar con éxito este apartado de avaliación terá que asistir a unha proba de carácter teórico que versará sobre as unidades didácticas traballadas no devandito trimestre. Neste caso o apartado de ACTIVIDADES NO AULA e o de ANÁLISE DE FONTES DE INFORMACIÓN pasarán a unirse e formar un todo que terá unha ponderación dun 40% da nota final.

ANÁLISE DE FONTES DOCUMENTAIS (20%)

No desenrolo de cada UD o profesorado propoñerá a realización de actividades de carácter teórico-práctica enfocadas a unha mellor comprensión dos contidos. Con isto buscamos que o alumnado comece a familiarizarse coa busca, lectura, tratamento e análise da información, sempre adaptándose ó nivel educativo no que se atopan. Para tal fin, poderán valerse de calquera fonte documental que teña un mínimo de rigor científico (enciclopedias, libros, artigos, páxinas de internet especializadas...). Estes traballos serán enviados ó profesorado en data e forma sinaladas con suficiente antelación nas sesións. Algunhas destas actividades serán complementadas coa exposición oral diante dos/as compañeiros/as. Se un alumno, por lesión ou outros motivos (sempre debidamente xustificadas por un profesional), non puidera realizar a totalidade da práctica

física, tratarase de outorgar un rol que poida desempeñar dentro das tarefas propostas, entendendo que son tarefas que contan con variedade de funcións e matices para o traballo de tódolos integrantes. Se aínda así non fose posible realizárase unha modificación da tarefa para que puidera ser levada a cabo polo devandito alumno ou proporíase unha tarefa alternativa, mais na medida do posible sempre se procura a inclusión e participación do alumno que non pode levar a cabo práctica física.

Cando un alumno non obteña unha cualificación de, polo menos, un 5 ó remate do trimestre con tódolos apartados de avaliación superados, non superará o mesmo. Para a recuperación, estableceranse actividades de recuperación para aquelas tarefas que o alumnado non fora quen de superar, o que se realizará no trimestre seguinte ao que suspenda.

Finalmente, a cualificación de final de curso provirá da realización da nota media dos diferentes apartados ó longo do curso, tendo cada un os valores sinalados en liñas anteriores.

Se un alumno suspendera a materia ao remate do curso e tivera que asistir á convocatoria extraordinaria de xuño, deberá de realizar un traballo teórico-práctico consistente na realización dun mínimo de actividades prácticas a concretar, acompañado de probas que demostren de forma fidedigna que estivo implicado nelas, así como unha reflexión de todo o proceso que debe ser entregada e exposta diante do profesor o día que o Centro sinala como data de recuperación. A suma das citadas tarefas ponderará cun valor do 100% da convocatoria extraordinaria de setembro.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o alumnado non supere algunha avaliación ou o módulo, débese ter en consideración .

i. Recuperación dalgunha avaliación parcial:

O alumnado que non supere algunha avaliación realizará probas e actividades de recuperación en base ao descrito nas unidades didácticas. No caso de que non acaden unha cualificación positiva, terán a posibilidade de recuperar esa avaliación nun exame final en xuño.

ii. Recuperación da avaliación final:

No caso de que o alumnado non supere o módulo, distínguense dúas posibles situacións:

- Realizarase un informe individualizado para o alumnado en base ao artigo 39 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. Neste informe, establecerase unha serie de actividades para poder superar o módulo. Farase un seguimento mediante titorías previamente organizadas. No caso de non asistir ou non ter as actividades, deberá presentarse a unha proba final igual que o alumnado con perda de dereito á avaliación continua. Neste último caso, antes de comezar ao exame deberá entregar os traballos solicitados e tense que superar cada parte cun mínimo de 5.

Alumnado que repite curso

Neste caso o alumnado deberá cursar o módulo nas mesmas condicións, tal e como se o cursase por primeira vez

No caso de que o alumnado non supere algunha avaliación ou o módulo, débese ter en consideración .

i. Recuperación dalgunha avaliación parcial:

O alumnado que non supere algunha avaliación realizará probas e actividades de recuperación en base ao descrito nas unidades didácticas. No caso de que non acaden unha cualificación positiva, terán a posibilidade de recuperar esa avaliación nun exame final en xuño.

ii. Recuperación da avaliación final:

No caso de que o alumnado non supere o módulo, distínguense dúas posibles situacións:

- Realizarase un informe individualizado para o alumnado en base ao artigo 39 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. Neste informe, establecerase unha serie de actividades para poder superar o módulo. Farase un seguimento mediante titorías previamente organizadas. No caso de non asistir ou non ter as actividades, deberá presentarse a unha proba final igual que o alumnado con perda de dereito á avaliación continua. Neste último caso, antes de comezar ao exame deberá entregar os traballos solicitados e tense que superar cada parte cun mínimo de 5.

Alumnado que repite curso

Neste caso o alumnado deberá cursar novamente módulo, tal e como se o cursase por primeira vez

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En base ao artigo 25.2 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial, e ao artigo 48.3 do Decreto 114/2010, a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo no que é imprescindible a asistencia do alumnado á clase.

O alumnado que acumule un 10% das horas do módulo como faltas non xustificadas perderá o dereito á avaliación continua e tendo que adecuarse ao procedemento extraordinario.

Proba extraordinaria: desenvolverase nas datas comunicadas pola xefatura de estudos. A data será publicada xunto cos calendarios de avaliación e será realizada polo alumnado con Perda do dereito a avaliación continua (PDAC)

Criterios de calificación da proba extraordinaria: califícase de 0 a 10 puntos, e constará de 2 partes, unha teórica e outra práctica ou suposto práctico.

Parte 1: Teoría. 60% Realizarase un exame teórico tipo test que entran todos os contidos de teoría impartidos durante o curso nas sesións de teoría e práctica

Parte 2: Práctica. 40% Para realizar esta parte o alumnado terá que ter acadado al menos 5 puntos na parte 1 de teoría. O profesorado elixirá al menos un suposto práctico dos realizados polo alumnado durante o curso. O alumnado deberá acadar nesta parte al menos 5 puntos en cada un dos supostos prácticos

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino aprendizaxe levarase a cabo un proceso de reflexión e análise crítica por parte do docente. Dito proceso terá lugar no día a día, onde quedarán reflectidos os aspectos máis destacados de cada sesión, tanto no referido ó alumnado como ó desenvolvemento docente. Finalmente, quedará constancia con periodicidade mensual nas actas de reunión do Departamento. Neste proceso tomaranse en consideración os seguintes indicadores:

Proceso de ensinanza aprendizaxe	Escala				
	1	2	3	4	5

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ó alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ó alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente Escala

1 2 3 4 5

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ó alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ó alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

De acordo co artigo 48.4 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, informarase ao alumnado, ao comezo de cada unidade didáctica, sobre os criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias propias do currículo. Farase de maneira expositiva ao comezo de cada unidade. Informando tamén sobre o nivel mínimo suficiente para acadar unha avaliación positiva.

O módulo divídese en 3 avaliacións e proba final de xuño nas datas establecidas para tal fin. O resultado da avaliación realízase en termos de cualificacións expresadas en escala numérica do 1 ao 10 sen decimais. Considéranse acadados os obxectivos cando as cualificacións sexan iguais ou superiores a 5.

A raíz destes resultados, estableceráanse as 3 cualificacións parciais; sempre e cando se acadaran a totalidade dos mínimos esixibles das UD das correspondentes avaliacións. Para superar o módulo é necesario ter superadas as 3 avaliacións parciais. No caso de non superar as avaliacións parciais, haberá probas de recuperación en cada avaliación; e se aínda así os mínimos esixibles non son acadados, poderán recuperarse nunha proba final en xuño.

Para superar cada avaliación o alumnado terá que acadar unha cualificación igual ou superior a 5 puntos en tódas as probas e traballos e tamén despois de acadar os % correspondentes.

O módulo avaliarase mediante:

- Traballos e actividades 40%: un 20% o traballo de clase: ao longo do curso deberán entregar traballos, exercicios, casos prácticos... ou aquelas tarefas indicadas. Un 20% un traballo de investigación. Neste traballo terase en conta a presentación, orixinalidade, adecuación, puntualidade de entrega e exposición.

- Probas escritas 50%: que constarán de preguntas tipo test, cunha soa resposta verdadeira e preguntas curtas. Incluirá unha parte de resolución de casos prácticos, interpretación de imaxes, gráficos. Probas prácticas das traballadas en clase. Para a avaliación de dita proba se contará cunha táboa de observación que versará sobre os criterios de avaliación prácticos do módulo.

Para ter en conta os criterios de cualificación explicados anteriormente, o alumnado deberá asistir al menos ao 90% das sesións. Todos os alumnos e alumnas deberán acudir as probas e/ou actividades na data e hora proposta.

O uso de dispositivos electrónicos durante a duración das probas, serán motivo de sanción e una puntuación de non apto nesa proba.

Perda do dereito a avaliación continua(PDAC): en caso de superar o 10% de faltas

Avaliación do alumnado en situación de PDAC: a través dunha proba extraordinaria. O calendario desta proba será en xuño nas datas que acorde a xefatura de estudos. As condicións da proba explícanse no apartado de proba extraordinaria

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Forma este apéndice un dos aspectos chave da presente programación, tendo en conta a idiosincrasia coa que pretendemos abordar o proceso de ensinanza- aprendizaxe. O noso obxectivo é facer este proceso o máis individualizado e flexible posible para poder chegar a todo o alumnado dunha maneira semellante, sen facer distincións por ningún tipo de elemento diferenciador como poden ser as características especiais de cada quen.

Así, coidamos que esta programación é o suficientemente maleable para poder chegar a tódolos suxeitos que forman parte do proceso educativo. En consonancia, valoramos que a atención á diversidade debe estar totalmente planificada e pautaada, sen deixar marxe á improvisación. Isto vai a garantir unha práctica educativa que democratice e sexa garante de igualdade de oportunidades no noso Centro.

O feito de contar con alumnado destas características non debe explicar a toma de medidas de carácter extraordinario, senón que buscamos o carácter integrador da materia para que coa programación establecida poidamos abordar calquera tipo de circunstancia, considerando estas como un elemento de riqueza e non un atranco para desenvolver a labor docente.

Con todo, é común que no traballo diario haxa que facer fronte a diversos tipos de adaptacións que satisfagan a diversidade que atopamos no aula. Podemos falar de adaptacións non significativas ou adaptacións significativas en función da necesidade de adaptar ou non elementos prescritibles do currículo.

Así, tratarase de levar a cabo unha variedade de adaptacións non significativas, que permitan ao alumnado seguir o currículo ordinario. Entre as medidas que se levarán a cabo neste apartado están as seguintes:

-Progresión e gradación das actividades de aprendizaxe. Pretendendo que as tarefas e actividades que se levan a cabo nas sesións sexan unha progresión metodolóxica de conceptos básicos que ó final desenvolvan no concepto ou produto final de aprendizaxe. Amais, estableceranse diferentes niveis de calidade en cada unha das tarefas, podendo acadar os obxectivos das mesmas nun grado básico, nun alto grado ou nun grado superior ao programado, para aquel alumnado con altas capacidades.

-Tarefas de reforzo ou ampliación. O alumnado que se atope en ambos extremos de nivel de aprendizaxe propóranse tarefas a realizar fóra do período lectivo e que permitan ó alumnado con dificultades acadar o currículo básico, así coma o alumnado con altas capacidades desenvolver a súa motivación e nivel de dominio, podendo ampliar coñecementos ou asentarse os que xa forman parte do repertorio motor, posto que diferentes estudos demostran que unha maior competencia motriz do alumnado tradúcese nuns maiores niveis de práctica de actividade física, un dos obxectivos principais que perseguimos desde o Departamento.

-Agrupacións de traballo estables. Durante a maior parte das unidades didácticas, os/as alumnos/as atoparanse inseridos nun grupo de traballo estable ata o remate da unidade. Con este grupo de traballo levará a cabo tarefas prácticas, probas de avaliación e tarefas de aprendizaxe en xeral. A composición do grupo e rotatoria ó longo de cada unidade e é conformado polo docente, que trata de formar grupos heteroxéneos onde a riqueza de niveis favorecerá que todos acaden os obxectivos curriculares e os estándares de aprendizaxe no nivel básico.

Neste apartado será común o emprego do rol ¿alumno-titor¿ dalgún alumno/a con gran capacidade na materia para axudar a algún compañeiro con dificultades. No presente curso académico, debido ás restricións provocadas pola pandemia da COVID-19, este apartado será adaptado a cada un dos contidos abordados ou incluso cancelado, co fin de garantir a máxima seguridade entre o alumnado e o profesorado.

-Tarefas flexibles e con diversidade de roles. Os contidos seleccionados son, na súa maioría, contidos nos que o alumnado pode desempeñar diferentes tipos de roles, o que flexibiliza o proceso educativo en función dos intereses e capacidades destes. Por iso, se un alumno presenta dificultade na execución dun rol, e probable que poida desempeñar un rol diferente e acadar de igual xeito os obxectivos e estándares propostos. Amais, as tarefas son flexibles en canto a adaptación de material, para facilitar o desenvolvemento técnico, cognitivo, perceptivo etc. Cando aínda así exista na clase algún suxeito que non pode conseguir os obxectivos da tarefa, pasarase a unha tarefa diferente que transmita os mesmos conceptos.

-Adaptacións pedagóxicas ordinarias. Exemplos disto son a atención ou explicación individualizada a aquel alumnado con dificultades ou con altas capacidades así como o emprego de diferentes pautas a nivel verbal, imaxe/vídeo ou esquemas que acompañen as explicacións.

Outros casos máis concretos e que poden requirir un tratamento especial na materia de Educación Física polo seu carácter eminentemente práctico son:

- Alumnos con necesidades educativas especiais. Aqueles que requiran apoios e atencións educativas adaptadas ó grao de discapacidade que presenten ou trastornos graves de conducta. No primeiro caso, en función da mesma, tomaranse as medidas máis adecuadas para conseguir o maior rendemento e integración do suxeito/s. No segundo caso, actuaremos en consecuencia do Regulamento de Réxime Interno do Centro e co Departamento de Orientación (reunión a principios de curso), para poder facer un seguimento e actuación consonte ás pautas recibidas de aquel alumnado con hiperactividade, síntomas disruptivos, autismo, síndrome de Asperger...

- Alumnado con algún tipo de lesión. O alumnado que presente lesións de longa duración que lle impidan realizar a práctica diaria nas sesións deberán aportar ó docente un xustificante onde se explique con claridade meridiana e por un profesional do ámbito sanitario o problema existente e o tempo estimado de baixa. A avaliación adaptada para este tipo de contratemplos incluírá a realización de actividades teóricas sobre aqueles contidos que esteamos a traballar nas sesións (con ou sen exposición diante dos compañeiros), elaboración de materiais (coa axuda do docente) que complementen a aprendizaxe propia e dos/as compañeiros/as, participación nas actividades levadas a cabo na sesión que non requiran de desenvolvemento físico (colocación de material, arbitrase, dirección de quecementos ou volta á calma...), etc.

Cando aínda deste xeito resultase imposible para os alumnos acadar os elementos prescritibles do currículo ordinario, terían que levarse a cabo adaptacións curriculares significativas. Dentro deste grupo, poderían ter lugar algunha das medidas que se citan a continuación:

- Supresión ou modificación de obxectivos. Aquel alumnado que non foran quen de acadar algún dos obxectivos esenciais cos que conta a materia para ese curso e nos casos en que se amosaran inútiles as medidas non significativas.

- Modificación de contidos. Para aqueles cunha tipoloxía que lles impedirá levar a cabo os contidos citados na programación para o seu curso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación en valores significa estender a educación de xeito que non se limite ao aprendizaxe e ensinanza de materias e habilidades, senón que se busque acadar metas relacionadas co ámbito moral e civismo co obxectivo de formar cidadáns responsables. Así ben recollido na Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio que «a educación é o medio máis axeitado para construír a súa personalidade, desenrolar ao máximo as súas capacidades, conformar a súa propia identidade persoal e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión co gnoscitiva, afectiva e axiolóxica.

A partir deste tipo de educación baseada en valores e na obtención dunha educación integral, é un instrumento para crear unha sociedade mellor, formada por cidadáns críticos e responsables, dispostos a comprometerse cunha sociedade máis xusta e igualitaria apostando pola promoción da saúde, o medio ambiente e consumo racional.

Polo tanto, os aspectos para lograr a educación en valores serán: educación moral e cívica, igualdade de xénero, educación ambiental e de consumo, educación para a saúde, hábitos de estudo e fomento da lectura.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para conseguir unha maior motivación no alumnado realizaranse unha serie de actividades complementarias i extraescolares que se recollen neste apartado. A partir destas actividades búscase que o alumnado teña contacto coa realidade á que se enfrontara tras a realización do ciclo formativo.

Realizaranse actividades con profesionais do sector como tertulias e visitas técnicas

As visitas a empresas espertan gran interese nos alumnos, constituíndo experiencias que normalmente se lembran. Este método permite o contacto coas empresas reais onde se desenvolven as tarefas que serviron de contido para a aprendizaxe nas aulas. Contribúen a unha maior relación entre as empresas e o mundo docente.

A eficaz utilización deste método require a preparación por parte do profesor da visita e uns coñecementos previos dos alumnos do que van ver. A planificación previa e a organización facilitan o que a visita sexa realmente efectiva. As etapas na organización da visita de empresa serían:

- 1) Planificación. Partindo dos obxectivos didácticos selecciónase a empresa, contáctase coa dirección e planifícase a visita.
- 2) Formación dos alumnos sobre a empresa, o sector e o mercado no que opera a empresa.
- 3) Desenvolvemento da visita con exposición por parte dos expertos dos distintos aspectos da empresa e a súa problemática.
- 4) Posteriormente á visita, exposición por parte do profesor dos aspectos máis importantes e conclusións da visita. Debate en clase dos resultados da visita.
- 5) Redacción dun informe da visita por parte dos alumnos participantes. As visitas a empresas constitúen un bo método para poñer en contacto os alumnos coa realidade empresarial.

10. Outros apartados

10.1) Medidas sanitarias

Aínda que este curso non hai medidas contra o Covid, estaremos pendentes das ordes da Consellería de Educación respecto a este tema.